

MATRIX

Lilly & Lana Wachowski, 1999

551

ESTREA EN NUMAX: 28.06.2019 | V.O.S.E. | +18

The Matrix (1999, 131')

Dirección: Lilly & Lana Wachowski

Guión: Lilly & Lana Wachowski

Elenco: Keanu Reeves, Laurence Fishburne, Carrie-Anne Moss, Joe Pantoliano, Hugo Weaving, Marcus Chong, Gloria Foster, Matt Doran, Belinda McClory, Julian Arahanga

Son: Dane A. Davis

Dirección de arte: Trish Foreman

Vestuario: Kym Barrett

Montaxe: Zach Staenberg

Música: Zigmund Gron

Fotografía: Bill Pope

Produtora: Warner Bros, Village Roadshow Pictures, Groucho Film Partnership, Silver Pictures (EEUU)

Distribuidora: Warner

Formato de proxección: DCP4K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 1999 (Mellor Montaxe, Son, Efectos visuais, Efectos sonoros), BAFTA 1999 (Mellores Efectos visuais e son)

FILMOGRAFÍA

El destino de Júpiter, 2015

El atlas de las nubes, 2012

Speed Racer, 2008

Matrix Revolutions, 2003

Matrix Reloaded, 2003

Lazos ardientes, 1996

SINOPSE

Thomas Anderson é un brillante programador dunha respectábel compañía de software. Pero fóra do traballo é Neo, un hacker que un día recibe unha misteriosa visita.

«A máis fascinante entrega de ciencia-ficción que deu o cinema mundial nos últimos tempos»

Fernando Morales, EL PAÍS



O desolado deserto do real

Por Slavoj Žižek

Cando vin *Matrix* nun cinema de barrio de Eslovenia, tiven a oportunidade única de sentarme ao carón do espectador ideal para o filme: un home que rozada a trintena absorto co filme que constantemente amolaba os demais espectadores con exclamacións como: «Deus, a realidade non existe!». Sen dúbida, prefiro esta inxenua inmersión no filme ás interpretacións intelectualoides e pseudosofisticadas que proxectan sobre el refinados matices filosóficos ou psicanalíticos.

Porén, non resulta difícil comprender a atracción que a nivel intelectual exerce *Matrix*. Non é un deses filmes que actúan como unha caste de test de Rorschach, poñendo en marcha un proceso universal de identificación, como o proverbial retrato de Deus, que parece estar sempre mirándote directamente, óllelo desde onde o olles? Os meus amigos lacanianos asegúranme que os autores do guión deben ter lido a Lacan; os defensores da Escola de Frankfurt ven o filme como unha encarnación extrapolada da Kulturindustrie, co dominio directo da sustancia social (do Capital) alienada que coloniza a nosa vida interior e nos emprega como fonte de enerxía; os defensores da New Age ven no filme unha fonte para especular sobre o noso mundo como espellismo xerado por unha mente global encarnada na World Wide Web.

Esta serie de referencias remítenos á República de Platón. Non calca

Matrix a imaxe platónica da cova: seres humanos comúns como prisioneiros atados aos seus asentos e obrigados a seren espectadores dunha escura representación do que consideran que é a realidade? Unha diferenza esencial entre o filme e o texto platónico é, por suposto, que cando algunha persoa foxe da cova e ascende á superficie da terra, o que atopa non é xa a brillante superficie alumada polos raios de sol de antano, senón o desolado deserto do real. A principal dicotomía neste caso vén dada polas posturas da Escola de Frankfurt e de Lacan: debemos historizar *Matrix* incorporándoo á metáfora do Capital que colonizou a cultura e a subxectividade, ou estamos a falar da reificación da orde simbólica no mesmo?

Por suposto, a idea dun heroe a habitar un universo artificial completamente manipulado e controlado non é, nin moito menos, orixinal. O que fai *Matrix* é radicalizar o tema introducindo a realidade virtual. Neste aspecto, a clave está na ambigua relación da realidade virtual co problema da iconoclastia. Por un lado, constitúe a redución radical da nosa experiencia sensorial en toda a súa riqueza, nin sequera temos as palabras, senón a serie dixital de 0 e 1 que permite ou bloquea a transmisión do sinal eléctrico.

Por outra parte, este mesmo artefacto dixital xera unha experiencia simulada de realidade que chega a confundirse completamente coa auténtica realidade. Isto pon en tea de xuízo o concepto de auténtica realidade. Como consecuencia, a realidade virtual é, ao mesmo tempo, a reafirmación máis radical do poder de sedución das imaxes. A máis paranoica

das fantasías americanas non é que unha persoa que vive nunha pequena e idílica localidade californiana, paraíso do consumismo, de súpeto empece a sospeitar que o mundo no que vive é unha montaxe, un espectáculo organizado para facerlle crer que vive nun mundo real mentres, en realidade, todos os que o rodean non son máis que actores e extras dun xigantesco espectáculo? O último exemplo desta fantasía é o filme de Peter Weir *El show de Truman* (1998), con Jim Carrey no papel do oficinista de provincias que, gradualmente, descobre que é o heroe dunha serie de televisión que se transmite as 24 horas.

(...) A idea nestas cuestións é, por suposto, a noción premoderna de «ter acadado a fin do universo»: naqueles coñecidos gravados, os sorprendidos viaxeiros achéganse á pantalla do ceo, perfórana e van alén, exactamente como sucedía ao remate de *El show de Truman*. Non é sorprendente que a última escena do filme, cando Truman ascende polas escaleiras pegadas á parede na que está pintado o horizonte sobre ceo azul, teña un toque definitivamente Magritte: non indican obras como o *Parsifal* (1982) de [Hans-Jürgen] Syberberg, no que o horizonte infinito tamén está bloqueado polas proxeccións do fondo, que a que era a perspectiva infinita cartesiana está a chegar á súa fin e que temos que volver a unha caste de perspectiva medieval renovada do universo?

Fragmento de «The Matrix, o las dos Caras de la Perversión», publicado en *Acción paralela: ensayo, teoría y crítica de la cultura y el arte contemporáneo* (Ediplus: 1999)

Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax